



BASES SEXTO CONCURSO SONCELLO PARA NOVOS VIOLONCHELISTAS 2025

1. Participantes

O concurso está aberto a novos violonchelistas. Consta de 4 categorías e unha categoría especial:

- Lee: nados despois do 1 de xaneiro de 2012.
- Duport: nados despois do 1 de xaneiro de 2008.
- Popper: nados despois do 1 de xaneiro de 2003.
- Solista: nados despois do 1 de xaneiro de 2000.
- Especial Soncello: Violonchelistas galegos nados despois do 1 de xaneiro de 2008 (A) e nados despois do 1 de xaneiro de 2000 (B). **Esta categoría está exenta de fase eliminatoria.**

Os concursantes poderán participar en máis dunha categoría. A organización do concurso estudiará posibles excepcións con respecto á idade e á categoría no que concorre o/a candidato/a previa solicitude no boletín de inscrición.

2. Lugar e data de celebración

O concurso terá lugar os días 9, 10 e 11 de maio de 2025 no **CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE A CORUÑA**.

3. Inscrición dos participantes

As solicitudes de inscrición deberán enviarse cubrindo o boletín online na seguinte ligazón: www.soncello.org/concursosoncello

Os solicitantes deberán adxuntar a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte.
- Xustificante bancario de ter aboado 50€ en concepto de dereitos de inscrición* na conta ES88-0081-0390-1300-0196-4397 indicando o nome do concursante no concepto. Esta cantidade non será reembolsable.

***Exencións**: Estarán exentos de aboar as taxas de inscrición os socios de Soncello ao corrente das súas cuotas, e os alumnos matriculados no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña durante o curso 2024-2025.

- **SO PARA A CATEGORÍA SOLISTA**: Enlace de Youtube co vídeo do primeiro movemento do concerto a interpretar (mirar o listado de obras no apartado 5 destas bases).



ASOCIACIÓN DE VIOLONCHELISTAS DE GALICIA

soncello.org
info@soncello.org

facebook.com/soncello
@soncello

4. Prazo de inscrición e notificacións

- A inscrición a concurso estará aberta ata o 14 de abril de 2025.
- Todas as notificacións realizaranse a través da páxina web da Asociación de Violonchelistas de Galicia www.soncello.org

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, publicarase o listado de participantes en cada unha das categorías. Dende ese momento e non máis tarde do 21 de abril, os concursantes da categoría Lee deberán enviar ao email info@soncello.org a partitura completa da sonata barroca a interpretar. A partires do 21 de abril, publicarase o listado das **dúas** persoas seleccionadas para participar na fase final da categoría solista.

5. Desenvolvemento do concurso

O **acto de apertura** do concurso terá lugar no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña o venres 9 de maio pola tarde e durante o mesmo anunciarase o horario e a orde de participación dos concursantes na **fase eliminatoria**, que terá lugar o sábado 10.

A **fase final** se celebrará o domingo 11 de maio a partires das 10hs e inmediatamente despois terá lugar a deliberación do xurado. Pola tarde celebrarase o acto de entrega de premios no que será anunciado o palmarés.

Todos os concursantes deberán estar presentes 15 minutos antes do inicio das probas no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña para o chamamento correspondiente, acreditando a súa identidade.

6. Programa do concurso

IMPORTANTE: TODAS AS OBRAS INTERPRETARANSE SEN REPETICIÓNS

Fase eliminatoria

- Lee:
 - Un estudo a escoller entre: Lee op. 31 (4, 10, 11, 13, 21, 28), Dotzauer (42, 55, 63) ou Popper op. 76 bis (1, 2, 8).
 - Dous movementos contrastados dunha sonata barroca (con acompañamento de segundo violonchelo*).

*A organización do concurso porá a disposición de todos os concursantes desta categoría un/a violonchelista profesional como acompañante.



- Duport:

- Un estudo a escoller entre: Duport (ed. Barenreiter 2, 6, 7, 10), Popper op. 76 (3, 4, 9) ou Popper op. 73 (1, 2, 5, 6, 8, 10, 34).
- Dous movementos contrastados (exceptuando o preludio) dunha das Suites de J.S.Bach a escoller entre a 1, 2 ou 3.

- Popper:

- Un estudo ou capricho a escoller entre: Popper op. 73 (9, 12, 13, 17, 20, 21, 22, 28) ou Piatti op. 25 (3, 7, 8).
- Dous movementos contrastados (exceptuando o preludio) dunha das Suites de J.S.Bach a escoller entre a 4, 5 ou 6.

- Solista:

- O primeiro movemento (con cadencia se procede) dun dos seguintes concertos con acompañamento de piano (selección mediante vídeo dacordo co punto 3 destas bases):

C.Saint-Saëns, concerto nº 1 en la menor op. 33 / **F.J.Haydn**, concerto en do maior ou concerto en re maior / **E.Lalo**, concerto en re menor / **D.Shostakovich**, concerto en mi bemol maior nº1 op. 107 / **R.Schumann**, concerto en la menor op. 129 / **A.Dvorak**, concerto en si menor op. 104 / **E.Elgar**, concerto en mi menor op. 85 (movementos 1 e 2) / **P.I.Tchaikovsky**, Variacións sobre un tema Rococó (tema + variacións 1, 2 e 3, versión Fitzenhagen)

Fase final

- Lee: Unha obra de libre elección cunha duración máxima de 5 minutos.
- Duport: Unha obra de libre elección cunha duración máxima de 10 minutos.
- Popper: Unha obra de libre elección cunha duración máxima de 15 minutos.

- Especial Soncello:

Nesta edición o compositor de referencia é **ROGELIO GROBA**. Os aspirantes deberán interpretar con acompañamento de piano a obra indicada correspondente súa franxa de idade (consultar punto 1).

- A: Concerto "Añoranzas" (segundo movemento)
- B: Concerto "Añoranzas" (terceiro movemento)

Ambas partituras poden descargarse dende a seguinte ligazón:

[Añoranza – Rogelio Groba. Partitura para cello y piano](#)

- Solista:

Os dous finalistas deberán interpretar o mesmo concerto que presentaron na fase eliminatoria (enteiro e de memoria).



7. Pianista acompañante

Os participantes deberán tocar cun pianista acompañante cando o repertorio así o requira.

A organización proporcionará por email o contacto dos pianistas acompañantes colaboradores do concurso aos participantes **que así o soliciten no boletín de inscrición.**

As condicións económicas, lugares e horarios de ensaio acordaranse entre os interesados e os propios pianistas, así como o envío das partituras.

8. Premios

Categoría Lee

- **Primeiro premio**

- Unha beca de matrícula para asistir ao *Curso Hagamos Música en Soria* edición infantil en xullo de 2025.

- **Segundo premio**

- Un xogo completo de cordas Pirastro e un cheque agasallo de *Musical 47* (A Coruña) para adquisición de material musical

- **Terceiro premio**

- Un xogo completo de cordas Pirastro.

Categoría Dupont

- **Primeiro premio**

- Unha beca de matrícula para asistir ao *Curso Hagamos Música en Soria* edición xuvenil en agosto de 2025.

- **Segundo premio**

- Un xogo completo de cordas Pirastro e un cheque agasallo de *Ópera Prima* (Vigo) para adquisición de material musical

- **Terceiro premio**

- Un xogo completo de cordas Pirastro

Categoría Popper

- **Primeiro premio**

- Un recital organizado pola Fundación Rogelio Groba no *Festival Noites da Cidade Vella 2025* da Coruña.

- **Segundo premio**

- Un xogo completo de cordas Pirastro e un cheque agasallo de *Musical Cienfuegos* (A Coruña) para adquisición de material musical

- **Terceiro premio**

- Un xogo completo de cordas Pirastro



Categoría solista

- **Axuda locomoción finalista categoría solista**

- Axuda para gastos de viaxe dacordo co lugar de procedencia do finalista: 100€ (Galicia), 300€ (España e Portugal), 450€ (resto de Europa).

- **Premio Cidade da Coruña**

Concerto como solista acompañado pola Orquestra Sinfónica de Galicia na tempada 2025/2026.

Categoría Especial Soncello

- **Premio Especial Soncello**

Cesión temporal (18 meses) dun violonchelo de categoría semi-profesional e dun arco de estudo de primeira calidade.

Farase entrega a todos os participantes dun diploma acreditativo.

A Asociación de Violonchelistas de Galicia porá organizar unho ou varios Concertos de Laureados invitando aos gañadores das distintas categorías.

9. Xurado

Será designado pola organización do concurso, e estará formado por violonchelistas de recoñecido prestixio. O xurado poderá declarar deserto algún dos premios. As resolucións do xurado serán inapelables, quedando facultado asemade para resolver todas as cuestións que non estiveran expresamente previstas nestas bases. **Se algún membro do xurado é ou ten sido profesor dun concursante non poderá participar nas deliberacións ni votacións referidas a ese concursante.**

Para as deliberacións correspondentes ao *Premio Cidade da Coruña* e ao *Premio Especial Soncello*, sumaranse aos membros do xurado un músico da OSG, e Rogelio Groba Otero, presidente da Fundación Rogelio Groba.

10. Disposicións finais

- Non se admitirán cambios nos programas presentados polos concursantes.
- A organización se reserva o dereito de modificar calqueira dos apartados destas bases por causas xustificadas.
- As fases eliminatoria, final así como o acto de entrega de premios estarán abertas ao público e poderán ser grabadas con fins meramente promocionais e en ningún caso



ASOCIACIÓN DE VIOLONCHELISTAS DE GALICIA

soncello.org
info@soncello.org

facebook.com/soncello
@soncello

comerciais. Os participantes ceden os seus dereitos de imaxe con estes fins ao aceptar estas bases. Queda prohibida toda grabación, tanto de audio como de vídeo por parte de calquera persoa allea á organización.

- A organización non se fará responsable en ningún caso dos posibles accidentes que poidan ocorrer tanto aos instrumentistas como aos instrumentos durante a celebración do concurso.
- Correrán pola conta do concursante todos os gastos derivados da súa participación no concurso tales como desprazamento, estancia ou manutención (coa excepción da *Axuda locomoción finalista categoría solista*).
- Os concursantes que resulten laureados teñen a obriga de asistir á cerimonia de entrega de premios. En caso de non asistir renunciarían ao premio obtido.